

**HUMANIDADES DIXITAIS E REDES SOCIAIS: ESTRATEXIAS, EXEMPLOS E ANÁLISE DE ALGÚNS
NESGOS**

PATRICIA MARTÍN-RODILLA

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, CSIC

A construción da nosa memoria, a interpretación do pasado, a formación das identidades ou os fenómenos de patrimonialización que se estudan desde as disciplinas humanísticas teñen o seu reflexo a día de hoxe nas redes sociais. Debido a isto, algúns investigadores desenvolveron e perfeccionaron estratexias para a recompilación, análise e interpretación destes “arquivos sociais”, creando coleccións de referencia que permiten examinar diversas temáticas e o seu impacto. Entre estas temáticas inclúense cuestións como a violencia de xénero, o racismo (Otero, Martín-Rodilla 2021) ou a saúde mental. Estes arquivos sociais axudan aos investigadores en humanidades a “capturar” o que ocorre nas redes sociais como fonte de coñecemento.

Con todo, non todas as estratexias de recuperación, tratamento e interpretación da información desde as redes sociais se adaptan ás necesidades que formula un estudo de compoñente humanístico. Nesta charla falaremos das diferentes estratexias de recuperación de información desde redes sociais e a súa potencialidade nas temáticas e preguntas de investigación formuladas desde as Humanidades Dixitais. Ademais, afondarase no rol crítico das Humanidades Dixitais na creación, uso e análise de grandes arquivos sociais. Para iso, presentarase unha análise inicial de nesgos no dominio do discurso de odio nas redes sociais, ofrecendo un exemplo de como abordar estas cuestións dentro das Humanidades Dixitais. O obxectivo final é promover estudos baseados nun gran volume de datos desde redes sociais que sexan máis inclusivos, rigorosos e eticamente sólidos en todos os contextos históricos, culturais e sociais.